

O próximo venres 14 de novembro ás 20:30 h. no Café Raíolas (Rúa Otero Pedrayo, 3) de Gondomar terá lugar a presentación do número 3 da Revista de Estudos Miñoranos correspondente ao ano 2003.

No acto participarán o arquitecto Xaime Garrido; o estudioso dos petroglifos Francisco Xabier Costas Goberna e o escultor Fernando Casás, colaboradores os tres neste número, así como os profesores Bieito Legaspi e Carlos Méixome, membros do Consello de Redacción da revista.

Este novo número do anuario da revista de estudos do Instituto de Estudos Miñoranos está mellorado no seu deseño e presentación así como tamén aumentou considerablemente no seu tamaño acadando as trescentas páxinas.

Nesta ocasión e como ven sendo tradicional o anuario está dividido en tres seccións. A primeira son artigos de fondo, mentres que a segunda denominada "O meu Val Miñorán" ten unha sección de creación literaria, mentres que a terceira é un repaso polas actividades do Instituto ao longo do pasado ano.

- A primeira das seccións comeza cun estudio da arqueóloga Rosa Villar Quinteiro, especialista no Paleolítico, sobre as pezas de Chan do Cereixo (Portavedra-Gondomar) depositadas no Museo do Pobo Galego polo arquitecto e descubridor do xacemento Xaime Garrido xusto nos 25 anos do descubrimento desta importante estación do Paleolítico.
- Continua cun traballo dos membros do Clube Espeleolóxico Maíxo, Eduardo Méndez e Xosé Bernardino Costas Goberna, sobre os petróglifos atopados no xacemento do Laghoa dos Bromos - Os Arrudos en Vincios-Gondomar.
- O estudioso dos petroglifos Fernando Xabier Costas Goberna da conta na súa colaboración de como descubriron os petroglifos de Auga da Laxe ou Pedra das Procesións en Vincios-Gondomar e do seu labor de difusión dos mesmos coas visitas de Jean Clotes, Director da Comisión de Arte Rupestre da UNESCO e de Emmanuel Anati Director do Centro de Estudos Camunos de Italia.
- Petroglifos pero agora históricos son os estudados polo arqueólogo Roberto Rodríguez Álvarez no seu traballo sobre os gravados rupestres do Concello de Oia.
- O medievalista Xoán Bernardino Vilar achega luces e documento sobre a pretendida

disputa acerca do nome de Baiona nas súas
Afonso

Consideracións acerca de Baiona e o Rei

- Do profesor Xulián Maure, membro da Xunta de Goberno do IEM recollese un artigo, publicado con anterioridade no que se estudia a substitución do galego polo castelán a partir de dous documentos notariais de Baiona de 1518 e 1522.
- Sobre a aldea medieval de San Cosme fan a súa achega os novos investigadores Soraia Domínguez e Alberte Valverde. Mentres que Manuel L. Caldas Fernández aproxímanos unha chea de datos sobre mariñeiros e pescadores de Baiona no século XVIII.
- O asiduo colaborador do anuario do IEM Xosé Manuel Malhiero aporta outro traballo sobre o labor educativo das Escolas Pro-Val no seu traballo *Ignacio Ares de Parga e a educación democrática*.
- Mentres o Clube Espeleolóxico Maíxo fai un estudio de catalogación das cavidades naturais da Serra do Galiceiro.
- Dúas documentadas contribucións ao estudio de Baiona son as de Xosé María Bouzá: *Baiona. Patrimonio e turismo* e a do arquitecto e asiduo colaborador do anuario Xaime Garrido no seu traballo: *En defensa do patrimonio de Baiona*.
- *As andoriñas das vilas no Val Miñor* aporta contribucións do estudioso da natureza Estanislao Fernández de la Ciga.
- A sección remata con *O tempo como espacio* un texto ilustrado do escultor e membro do Instituto de estudos Miñoranos Fernando Casás.
- A sección de creación *O Meu Val Miñor* conta nesta ocasión coa colaboración do escritor Fran Alonso e dos poetas Demetrio López Garrido, Chema Bouzá, Miguel Anxo Mourillo, así como coa segunda entrega da Estampas Gondomareñas de Antonio de Bade.